

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 23 de decembro de 2015

ASISTENTES:

Membros :

Excmo. Sr. Alcalde
D. David Regades Fernández
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

Invitados

D^a. M^a Jesús Lago Rey
D^a. Ana Laura Iglesias González
D. Santos Hector Rodríguez Díaz
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e vinte e cinco minutos do día vinte e tres de decembro de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1462).- RATIFICACIÓN DA UXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1463).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE SUBVENCIÓN CONVOCADA POLO “MINISTERIO DE HACIENDA Y ADMINISTRACIONES PÚBLICAS”. EXPTE. 7522/113.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 23.12.15, e o informe-proposta do 22.12.15, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Administración Electrónica, do 23.12.15, conformado polo concelleiro-delegado da Área, que di o seguinte:

Antecedentes:

- Con data 11/08/2015 publicouse no Boletín Oficial do Estado a orde HAP/170072015 de 3 de Agosto pola que se aproban as bases da convocatoria de 2015 de axudas do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para cofinanciar actuacións relacionadas coa administración electrónica e de cidadáns en rede durante o período de intervención 2007-2013.
- Con data 04/09/2015 a Xunta de Goberno Local acordou a aprobación do proxecto “Oficina Tributaria Virtual e carpeta do cidadán” descrito na memoria redactado polo Xefe de Administración Electrónica con data 03/09/2015 que tuvo un gasto total con cargo a fondos propios de 965.497,49 €.
- Con data 04/09/2015 a Xunta de Goberno Local acordou solicitar a axuda regulada pola orde orde HAP/170072015 de 3 de Agosto pola que se aproban as bases da convocatoria de 2015 de axudas do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para cofinanciar actuacións relacionadas coa administración electrónica e de cidadáns en rede por o 80% do importe do proxecto (772397,99 €).
- Con data 10/09/2015 presentouse unha solicitude, con número 312-000111620, e a documentación requirida perante a sede electrónica do Ministerio de Economía, Facenda e Administración Públicas para optar a convocatoria de axudas reguladas pola orde orde HAP/170072015 de 3 de Agosto .
- Data 22/12/2015 no Boletín Oficial do Estado publicouse a resolución da convocatoria de axuda regulada pola orde orde HAP/170072015 de 3 de Agosto pola que se conceden axudas do Fondo Europeo de Desenvolvemento Local para cofinanciar actuacións de administración electrónica e de cidadáns en rede durante o período de intervención 2007-2013. En dita resolución acordase conceder unha axuda ó proxecto “Oficina Tributaria Virtual e carpeta do cidadán” por un importe de 491.028,03 €.
- No artigo 11.3 da orde HAP/170072015 de 3 de Agosto establece que nun prazo de 10 días, a contar a partires do día seguinte a data de publicación da resolución as entidades beneficiadas deberán remitir a Dirección Xeral de Coordinación e Competencias coas Comunidades Autónomas e as Entidades Locais a aceptación expresa das axudas por vía electrónica, así mesmo, como se indica no artigo 16.3 da orde HAP/170072015 de 3 de Agosto, deberase remitir nun prazo de 20 días a contar a partires do día seguinte a data de publicación da resolución os documentos xustificativos da axuda nos termos aprobados ó efecto. O envío de información realizarase mediante a aplicación informática de Fondos Europeos da Secretaría de Estado e Administracións públicas do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas que se atopa dispoñible na dirección de internet “<https://ssweb.seap.minhap.es/fnde/acceso.xhtml>”

Proposta

A vista das anteriores circunstancias, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano competente, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Acordar a aceptación da concesión da axuda ó proxecto “Oficina Tributaria Virtual e carpeta do cidadán” con número de solicitude 312-000111620 por un importe de 491.028,03 € de conformidade có previsto No artigo 11.3 da orde HAP/170072015 de 3 de Agosto.

2º.- Propor o Xefe do Servizo de Administración Electrónica, Dº Antonio Villanueva Guimeráns con D.N.I 52493256B como a persoa acreditada para acceder a plataforma electrónica coa finali-

dade de comunicar a aceptación da mesma así como remitir a documentación requirida polo artigo 16.3 da orde HAP/170072015 de 3 de Agosto.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1464).- PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS DAS OBRAS DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA MARQUÉS DE VALTERRA”. EXPTE. 3468/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta de data 23.12.15, asinada polo secretario da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación celebrada o 23 de decembro de 2015, acordou:

3.- Proposta de clasificación.

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Marques de Valterra. (expediente 3468-440).

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Dar conta a Xunta de Goberno das exclusións acordadas pola Mesa de contratación celebrada o 1 de decembro dos licitadores seguintes:

ALVAC, S.A. Por presentar a oferta fora do prazo previsto para a presentación de ofertas.

MONTAJES JM IGLESIAS, S.L.: por non declarar a solvencia técnica esixida para participar na licitación.

CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA, S.L.: por non declarar a solvencia técnica esixida para participar na licitación.

PETROLAM A VEIGA S.L.U.: por non declarar a solvencia técnica esixida para participar na licitación.

Segundo: Considerar ofertas con valores anormais ou desproporcionados, e polo tanto excluir do procedemento as presentadas polos seguintes licitadores.:

ORESA SL

CANALIS SOLUCIONES TECNOLOGICAS SL

COPCISA, S.A.

NAROM, S.L.

CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.

INNITIS INGENIEROS CONSTRUCTORES, S.L.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Marques de Valterra. (expediente 3468-440) ” no seguinte orde decrecente:

	<i>Empresas</i>	<i>Puntuación</i>
1	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS SL	95,49
2	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS S .A.	93,45
3	CIVIS GLOBAL	93,06
4	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS S.A.	90,74
5	CONSTRUCCIONES RAMIREZ SL	89,96
6	ORECO SA	88,58
7	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	88,54
8	EMERGIS CONSTRUCCION, S.L.	85,47
9	ACEVI SL ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES SL	85,04
10	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	81,76

Cuarto- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 643,30 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

4(1465).- PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE ENSANCHE DO ESTREITO DA PIVIDAL NA AVDA. DE SANTA MARINA. EXPTE. 3470/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta de data 23.12.15, asinada polo secretario da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación celebrada o 23 de decembro de 2015, acordou:

3.- Proposta de clasificación.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de ensanche do estreito da Pividal na avda de Santa Marina. (expediente 3470-440).

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Considerar ofertas con valores anormais ou desproporcionados, e polo tanto excluir do procedemento as presentadas polos seguintes licitadores.:

EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO SA
 CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS S.A.
 ORESA SL
 CANALIS SOLUCIONES TECNOLOGICAS SL
 ACEVI SL ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES SL
 MONTAJES JM IGLESIAS SL
 NAROM, S.L.
 CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.
 CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
 CONSTRUCCIONES VALE, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento aberto para a contratación das obras de ensanche do estreito da Pividal na avda de Santa Marina. (expediente 3470-440). ” no seguinte orde decrecente:

	<i>Empresas</i>	<i>Puntuación</i>
1	COPCISA, S.A.	94,24
2	CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA, S.L.	93,72
3	O.T.C. FONTEFRIA S.L.U.	88,99
4	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS SL	88,98
5	CIVIS GLOBAL	88,72
6	OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS SA	88,62
7	CONSTRUCCIONES RAMIREZ SL	87,95
8	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS S.A.	86,91
9	DESMACO S L	86,73
10	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	83,81
11	ORECO SA	83,10
12	HORDESCON, S.L.	78,34
13	EXCAVACIONES Y TRANSPORTES BC, S.L.	65,12

Terceiro- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, COPCISA, S.A. para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- *Requirir ao citado licitador o aboamento de 646,40 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

5(1466).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE “LOS MILAGROS, S.L.”, POLA XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL “SANTA CRISTINA-LAVADORES”. OUTUBRO 2015. EXPTE. 17462/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 18.12.15, o informe de fiscalización do 16.12.15, dáse conta do informe-proposta do técnico superior de Educación, do 30.11.15, conformado pola concelleira de Educación, que di o seguinte:

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de setembro de 2009, adxudicouse á empresa LOS MILAGROS S.L. a prestación do servizo de xestión das Escolas infantís municipais Atalaia-Teis, Costeira-Saiáns e Santa Cristina-Lavadores (expte. 10715/332), polos seguintes importes anuais:

Lote	Escola	Importe
I	Xestión EIM Atalaia-Teis	201.785,16 €/ano
II	Xestión EIM Costeira-Saiáns	199.867,85 €/ano
III	Xestión EIM Sta Cristina-Lavadores	210.059,35 €/ano

A adxudicación realizouse por un prazo de catro anos, con posibilidade de prórroga por dous anos mais, mediante acordo expreso do órgano de Contratación. O 26/07/2013 a XGL aproba a primeira prórroga (periodo 10/09/2013-09/09/2014) e o 08/08/2014 aproba a segunda e última prórroga (periodo 10/09/2014-09/09/2015). Tralas revisións de prezos aprobadas, o prezo/mes neste último periodo foi o seguinte:

Escola	Importe
Xestión EIM Atalaia-Teis	18.140,00 €/mes
Xestión EIM Costeira-Saiáns	17.967,64 €/mes
Xestión EIM Sta Cristina-Lavadores	18.883,84 €/mes

Mediante Resolución de 6 de maio de 2015, a Delegada de Educación acordou iniciar o procedemento de contratación para a prestación do servizo para a xestión das escolas infantís municipais de Atalaia-Teis, Costeira-Saiáns e Santa Cristina-Lavadores (expte. 17066/332). A Xunta de Goberno Local de data 10/07/15 aprobou os pregos técnico e administrativo do citado expediente, dando continuidade coa correspondente tramitación administrativa. Neste momento o expediente atópase nos últimos trámites para a súa resolución.

A tramitación administrativa do expediente levou ao feito de que a 10 de setembro de 2015 (data prevista inicialmente para o comezo do novo contrato), non estivera aínda adxudicado o novo concurso para a prestación deste servizo. En previsión da problemática que podería xerar esta situación, co curso académico xa iniciado, a Concelleira-Delegada de Educación, en Orde de Servizo de data 31/08/2015, ordenou solicitar á empresa que viña prestando o servizo a continuidade do mesmo ata a entrada en vigor do novo contrato, nas mesmas condicións económicas e contractuais coas que o viña desempeñando. Esta solicitude foi aceptada de forma expresa pola empresa Los Milagros SL mediante escrito de data 04/09/2015.

En consecuencia coa orde de servizo citada, e dado que aínda non se ten resolto o expediente de contratación (17066/332), a empresa adxudicataria Los Milagros SL, continuou coa prestación de dito servizo, nas mesmas condicións coas que ata o 09/09/15 se estaba realizando.

Con data 31 de outubro de 2015, LOS MILAGROS SL presentou factura núm. 79 (doc. num. 150139461), por importe de 18.883,84 €, correspondente á prestación do servizo na Escola Infantil Municipal Santa Cristina-Lavadores, durante o período do 1 ao 31 de outubro de 2015.

O importe facturado considerase axeitado, xa que o cálculo deste foi efectuado en base aos mesmos criterios, e correspóndense coas mesmas condicións económicas e contractuais coas que o viña desempeñando durante o período no que o contrato estivo vixente, tal e como se recolle na Orde de Servizo de data 31/08/15 da Concelleira delegada de Educación.

De non tramitar esta facturación, conforme á base 28ª das de execución do orzamento, mediante indemnización substitutiva, produciríase un enriquecemento inxusto para esta Administración, posto que LOS MILAGROS SL vén prestando os servizos en base á Orde de Servizo da concelleira delegada de Educación de data 31/08/15.

Xa que logo, faise necesario indemnizar á empresa polos servizos efectivamente prestados na EIM Santa Cristina-Lavadores, durante o período comprendido entre o 1 e o 31 de outubro de 2015. O importe ascende a 18.883,84 €, e correspóndese ao adeudado a esta empresa polo servizo durante ese período.

Polo exposto, previo informe da Intervención Xeral, co fin de aboar á empresa LOS MILAGROS SL, a cantidade adeudada, faise necesario que pola Xunta de Goberno Local se adopte o acordo de indemnizar a LOS MILAGROS SL en concepto de indemnización substitutiva, pola prestación do servizo de xestión da EIM Santa Cristina-Lavadores, durante o período comprendido entre o 1 e o 31 de outubro de 2015, pola cantidade de 18.883,84 €, con cargo á retención de crédito efectuada pola Intervención Xeral con data 29/06/15 na partida 3230 2279904 "Escola infantil municipal Santa Cristina-Lavadores" do vixente presuposto.

En consecuencia, proponse á Xunta de Goberno Local, RESOLVER o seguinte:

- 1.- Convalidar a actuación de gasto realizada sen fiscalización previa, que figura na factura núm. 79 (doc. num. 150139461) por importe de 18.883,84 € correspondente ao servizo de xestión da Escola infantil municipal Santa Cristina-Lavadores durante o período comprendido entre o 01/10/15 e o 31/10/15, de LOS MILAGROS SL, con CIF B-36626109.
- 2.- Aprobar a indemnización substitutiva a favor de LOS MILAGROS SL, por un importe de 18.883,84 € correspondente ao servizo de xestión da Escola infantil municipal Santa Cristina-Lavadores durante o período comprendido entre o 01/10/15 e o 31/10/15.
- 3.- Recoñecer as obrigas a favor de LOS MILAGROS SL, con CIF B-36626109, polo importe de 18.883,84 €, en concepto de prestación do servizo de xestión da Escola infantil municipal Santa

Cristina-Lavadores durante o periodo comprendido entre o 01/10/15 e o 31/10/15 con cargo á retención de crédito efectuada pola Intervención Xeral con data 29/06/15 na partida 3230 2279904 "Escola infantil municipal Santa Cristina-Lavadores" do vixente presuposto.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1467).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE "LOS MILAGROS, S.L.", POLA XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL "COSTEIRA-SAIÁNS". OUTUBRO 2015. EXPTE. 17464/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 18.12.15, o informe de fiscalización do 16.12.15, dáse conta do informe-proposta do técnico superior de Educación, do 30.11.15, conformado pola concelleira de Educación, que di o seguinte:

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de setembro de 2009, adxudicouse á empresa LOS MILAGROS S.L. a prestación do servizo de xestión das Escolas infantís municipais Atalaia-Teis, Costeira-Saiáns e Santa Cristina-Lavadores (expte. 10715/332), polos seguintes importes anuais:

<i>Lote</i>	<i>Escola</i>	<i>Importe</i>
<i>I</i>	<i>Xestión EIM Atalaia-Teis</i>	<i>201.785,16 €/ano</i>
<i>II</i>	<i>Xestión EIM Costeira-Saiáns</i>	<i>199.867,85 €/ano</i>
<i>III</i>	<i>Xestión EIM Sta Cristina-Lavadores</i>	<i>210.059,35 €/ano</i>

A adxudicación realizouse por un prazo de catro anos, con posibilidade de prórroga por dous anos mais, mediante acordo expreso do órgano de Contratación. O 26/07/2013 a XGL aproba a primeira prórroga (periodo 10/09/2013-09/09/2014) e o 08/08/2014 aproba a segunda e última prórroga (periodo 10/09/2014-09/09/2015). Tralas revisións de prezos aprobadas, o prezo/mes neste último periodo foi o seguinte:

<i>Escola</i>	<i>Importe</i>
<i>Xestión EIM Atalaia-Teis</i>	<i>18.140,00 €/mes</i>
<i>Xestión EIM Costeira-Saiáns</i>	<i>17.967,64 €/mes</i>
<i>Xestión EIM Sta Cristina-Lavadores</i>	<i>18.883,84 €/mes</i>

Mediante Resolución de 6 de maio de 2015, a Delegada de Educación acordou iniciar o procedemento de contratación para a prestación do servizo para a xestión das escolas infantís municipais de Atalaia-Teis, Costeira-Saiáns e Santa Cristina-Lavadores (expte. 17066/332). A Xunta de Goberno Local de data 10/07/15 aprobou os pregos técnico e administrativo do citado expediente, dando continuidade coa correspondente tramitación administrativa. Neste momento o expediente atópase nos últimos trámites para a súa resolución.

A tramitación administrativa do expediente levou ao feito de que a 10 de setembro de 2015 (data prevista inicialmente para o comezo do novo contrato), non estivera aínda adxudicado o novo concurso para a prestación deste servizo. En previsión da problemática que podería xerar esta situación, co curso académico xa iniciado, a Concelleira-Delegada de Educación, en Orde de Servizo de data 31/08/2015, ordenou solicitar á empresa que viña prestando o servizo a continuidade do mesmo ata a entrada en vigor do novo contrato, nas mesmas condicións económicas e contractuais coas que o viña desempeñando. Esta solicitude foi aceptada de forma expresa pola empresa Los Milagros SL mediante escrito de data 04/09/2015.

En consecuencia coa orde de servizo citada, e dado que aínda non se ten resolto o expediente de contratación (17066/332), a empresa adxudicataria Los Milagros SL, continuou coa prestación de dito servizo, nas mesmas condicións coas que ata o 09/09/15 se estaba realizando.

Con data 31 de outubro de 2015, LOS MILAGROS SL presentou factura núm. 78 (doc. num. 150139460), por importe de 17.967,64 €, correspondente á prestación do servizo na Escola Infantil Municipal Costeira-Saiáns, durante o período do 1 ao 31 de outubro de 2015.

O importe facturado considerase axeitado, xa que o cálculo deste foi efectuado en base aos mesmos criterios, e correspóndense coas mesmas condicións económicas e contractuais coas que o viña desempeñando durante o período no que o contrato estivo vixente, tal e como se recolle na Orde de Servizo de data 31/08/15 da Concelleira delegada de Educación.

De non tramitar esta facturación, conforme á base 28ª das de execución do orzamento, mediante indemnización substitutiva, produciríase un enriquecemento inxusto para esta Administración, posto que LOS MILAGROS SL vén prestando os servizos en base á Orde de Servizo da concelleira delegada de Educación de data 31/08/15.

Xa que logo, faise necesario indemnizar á empresa polos servizos efectivamente prestados na EIM Costeira-Saiáns, durante o período comprendido entre o 1 e o 31 de outubro de 2015. O importe ascende a 17.967,64 €, e correspóndese ao adeudado a esta empresa polo servizo durante ese período.

Polo exposto, previo informe da Intervención Xeral, co fin de aboar á empresa LOS MILAGROS SL, a cantidade adeudada, faise necesario que pola Xunta de Goberno Local se adopte o acordo de indemnizar a LOS MILAGROS SL en concepto de indemnización substitutiva, pola prestación do servizo de xestión da EIM Costeira-Saiáns, durante o período comprendido entre o 1 e o 31 de outubro de 2015, pola cantidade de 17.967,64 €, con cargo á retención de crédito efectuada pola Intervención Xeral con data 29/06/15 na partida 3230 2279907 "Escola infantil municipal Costeira-Saiáns" do vixente presuposto.

En consecuencia, proponse á Xunta de Goberno Local, RESOLVER o seguinte:

- 1.- Convalidar a actuación de gasto realizada sen fiscalización previa, que figura na factura núm. 78 (doc. num. 150139460) por importe de 17.967,64 € correspondente ao servizo de xestión da Escola infantil municipal Costeira-Saiáns durante o período comprendido entre o 1/10/15 e o 31/10/15, de LOS MILAGROS SL, con CIF B-36626109.*
- 2.- Aprobar a indemnización substitutiva a favor de LOS MILAGROS SL, por un importe de 17.967,64 € correspondente ao servizo de xestión da Escola infantil municipal Costeira-Saiáns durante o período comprendido entre o 1/10/15 e o 31/10/15.*

3.- Recoñecer as obrigas a favor de LOS MILAGROS SL, con CIF B-36626109, polo importe de 17.967,64 €, en concepto de prestación do servizo de xestión da Escola infantil municipal Costeira-Saiáns durante o periodo comprendido entre o 1/10/15 e o 31/10/15 con cargo á retención de crédito efectuada pola Intervención Xeral con data 29/06/15 na partida 3230 2279907 "Escola infantil municipal Costeira-Saiáns" do vixente presuposto.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1468).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE "LOS MILAGROS, S.L.", POLA XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL "ATALAIA-TEIS". OUTUBRO 2015. EXPTE. 17466/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 16.12.15, o informe de fiscalización do 14.12.15, dáse conta do informe-proposta do técnico superior de Educación, do 30.11.15, conformado pola concelleira de Educación, que di o seguinte:

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de setembro de 2009, adjudicouse á empresa LOS MILAGROS S.L. a prestación do servizo de xestión das Escolas infantís municipais Atalaia-Teis, Costeira-Saiáns e Santa Cristina-Lavadores (expte. 10715/332), polos seguintes importes anuais:

Lote	Escola	Importe
I	Xestión EIM Atalaia-Teis	201.785,16 €/ano
II	Xestión EIM Costeira-Saiáns	199.867,85 €/ano
III	Xestión EIM Sta Cristina-Lavadores	210.059,35 €/ano

A adjudicación realizouse por un prazo de catro anos, con posibilidade de prórroga por dous anos mais, mediante acordo expreso do órgano de Contratación. O 26/07/2013 a XGL aproba a primeira prórroga (periodo 10/09/2013-09/09/2014) e o 08/08/2014 aproba a segunda e última prórroga (periodo 10/09/2014-09/09/2015). Tralas revisións de prezos aprobadas, o prezo/mes neste último periodo foi o seguinte:

Escola	Importe
Xestión EIM Atalaia-Teis	18.140,00 €/mes
Xestión EIM Costeira-Saiáns	17.967,64 €/mes
Xestión EIM Sta Cristina-Lavadores	18.883,84 €/mes

Mediante Resolución de 6 de maio de 2015, a Delegada de Educación acordou iniciar o procedemento de contratación para a prestación do servizo para a xestión das escolas infantís municipais de Atalaia-Teis, Costeira-Saiáns e Santa Cristina-Lavadores (expte. 17066/332). A Xunta de Goberno Local de data 10/07/15 aprobou os pregos técnico e administrativo do citado expedien-

te, dando continuidade coa correspondente tramitación administrativa. Neste momento o expediente atópase nos últimos trámites para a súa resolución.

A tramitación administrativa do expediente levou ao feito de que a 10 de setembro de 2015 (data prevista inicialmente para o comezo do novo contrato), non estivera aínda adxudicado o novo concurso para a prestación deste servizo. En previsión da problemática que podería xerar esta situación, co curso académico xa iniciado, a Concelleira-Delegada de Educación, en Orde de Servizo de data 31/08/2015, ordenou solicitar á empresa que viña prestando o servizo a continuidade do mesmo ata a entrada en vigor do novo contrato, nas mesmas condicións económicas e contractuais coas que o viña desempeñando. Esta solicitude foi aceptada de forma expresa pola empresa Los Milagros SL mediante escrito de data 04/09/2015.

En consecuencia coa orde de servizo citada, e dado que aínda non se ten resolto o expediente de contratación (17066/332), a empresa adxudicataria Los Milagros SL, continuou coa prestación de dito servizo, nas mesmas condicións coas que ata o 09/09/15 se estaba realizando.

Con data 31 de outubro de 2015, LOS MILAGROS SL presentou factura núm. 77 (doc. num. 150139459), por importe de 18.140,00 €, correspondente á prestación do servizo na Escola Infantil Municipal Atalaia-Teis, durante o período do 1 ao 31 de outubro de 2015.

O importe facturado considerase axeitado, xa que o cálculo deste foi efectuado en base aos mesmos criterios, e correspóndense coas mesmas condicións económicas e contractuais coas que o viña desempeñando durante o período no que o contrato estivo vixente, tal e como se recolle na Orde de Servizo de data 31/08/15 da Concelleira delegada de Educación.

De non tramitar esta facturación, conforme á base 28ª das de execución do orzamento, mediante indemnización substitutiva, produciríase un enriquecemento inxusto para esta Administración, posto que LOS MILAGROS SL vén prestando os servizos en base á Orde de Servizo da concelleira delegada de Educación de data 31/08/15.

Xa que logo, faise necesario indemnizar á empresa polos servizos efectivamente prestados na EIM Atalaia-Teis, durante o período comprendido entre o 1 e o 31 de outubro de 2015. O importe ascende a 18.140,00 €, e correspóndese ao adeudado a esta empresa polo servizo durante ese período.

Polo exposto, previo informe da Intervención Xeral, co fin de aboar á empresa LOS MILAGROS SL, a cantidade adeudada, faise necesario que pola Xunta de Goberno Local se adopte o acordo de indemnizar a LOS MILAGROS SL en concepto de indemnización substitutiva, pola prestación do servizo de xestión da EIM Atalaia-Teis, durante o período comprendido entre o 1 e o 31 de outubro de 2015, pola cantidade de 18.140,00 €, con cargo á retención de crédito efectuada pola Intervención Xeral con data 29/06/15 na partida 3230 2279908 "Escola infantil municipal Atalaia-Teis" do vixente presuposto.

En consecuencia, proponse á Xunta de Goberno Local. RESOLVER o seguinte:

1.- Convalidar a actuación de gasto realizada sen fiscalización previa, que figura na factura núm. 77 (doc. num. 150139459) por importe de 18.140,00 € correspondente ao servizo de xestión da Escola infantil municipal Atalaia-Teis durante o período comprendido entre o 1/10/15 e o 31/10/15, de LOS MILAGROS SL, con CIF B-36626109.

2.- Aprobar a indemnización substitutiva a favor de LOS MILAGROS SL, por un importe de 18,140,00 € correspondente ao servizo de xestión da Escola infantil municipal Atalaia-Teis durante o período comprendido entre o 1/10/15 e o 31/10/15.

3.- Recoñecer as obrigas a favor de LOS MILAGROS SL, con CIF B-36626109, polo importe de 18.140,00 €, en concepto de prestación do servizo de xestión da Escola infantil municipal Atalaia-Teis durante o período comprendido entre o 1/10/15 e o 31/10/15 con cargo á retención de crédito efectuada pola Intervención Xeral con data 29/06/15 na partida 3230 2279908 "Escola infantil municipal Atalaia-Teis" do vixente presuposto.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1469).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE "LOS MILAGROS, S.L.", POLA XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL "SANTA CRISTINA-LAVADORES". NOVIEMBRE 2015. EXPTE. 17510/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 18.12.15, o informe de fiscalización do 16.12.15, dáse conta do informe-proposta do técnico superior de Educación, do 3.12.15, conformado pola concelleira de Educación, que di o seguinte:

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de setembro de 2009, adjudicouse á empresa LOS MILAGROS S.L. a prestación do servizo de xestión das Escolas infantís municipais Atalaia-Teis, Costeira-Saiáns e Santa Cristina-Lavadores (expte. 10715/332), polos seguintes importes anuais:

Lot e	Escola	Importe
I	Xestión EIM Atalaia-Teis	201.785,16 €/ano
II	Xestión EIM Costeira-Saiáns	199.867,85 €/ano
III	Xestión EIM Sta Cristina-Lavadores	210.059,35 €/ano

A adjudicación realizouse por un prazo de catro anos, con posibilidade de prórroga por dous anos mais, mediante acordo expreso do órgano de Contratación. O 26/07/2013 a XGL aproba a primeira prórroga (período 10/09/2013-09/09/2014) e o 08/08/2014 aproba a segunda e última prórroga (período 10/09/2014-09/09/2015). Tralas revisións de prezos aprobadas, o prezo/mes neste último período foi o seguinte:

Escola	Importe
Xestión EIM Atalaia-Teis	18.140,00 €/mes
Xestión EIM Costeira-Saiáns	17.967,64 €/mes
Xestión EIM Sta Cristina-Lavadores	18.883,84 €/mes

Mediante Resolución de 6 de maio de 2015, a Delegada de Educación acordou iniciar o procedemento de contratación para a prestación do servizo para a xestión das escolas infantís municipais de Atalaia-Teis, Costeira-Saiáns e Santa Cristina-Lavadores (expte. 17066/332). A Xunta de Goberno Local de data 10/07/15 aprobou os pregos técnico e administrativo do citado expediente, dando continuidade coa correspondente tramitación administrativa. Neste momento o expediente atópase nos últimos trámites para a súa resolución; na sesión da Mesa de Contratación de data 03/11/15 aprobouse a proposta de adxudicación deste expediente, referido ás tres escolas infantís municipais citadas, e a Xunta de Goberno Local de data 27/11/15 aprobou a súa adxudicación provisional. No informe complementario do Servizo de Educación, de data 27/11/15, que se inclúe no expediente, argúmentanse e especificanse os motivos desta demora.

A tramitación administrativa do expediente levou ao feito de que a 10 de setembro de 2015 (data prevista inicialmente para o comezo do novo contrato), non estivera aínda adxudicado o novo concurso para a prestación deste servizo. En previsión da problemática que podería xerar esta situación, co curso académico xa iniciado, a Concelleira-Delegada de Educación, en Orde de Servizo de data 31/08/2015, ordenou solicitar á empresa que viña prestando o servizo a continuidade do mesmo ata a entrada en vigor do novo contrato, nas mesmas condicións económicas e contractuais coas que o viña desempeñando. Esta solicitude foi aceptada de forma expresa pola empresa Los Milagros SL mediante escrito de data 04/09/2015.

En consecuencia coa orde de servizo citada, e dado que aínda non se ten resolto o expediente de contratación (17066/332), a empresa adxudicataria Los Milagros SL, continuou coa prestación de dito servizo, nas mesmas condicións coas que ata o 09/09/15 se estaba realizando.

Con data 30 de novembro de 2015, LOS MILAGROS SL presentou factura núm. 84 (doc. num. 150154695), por importe de 18.883,84 €, correspondente á prestación do servizo na Escola Infantil Municipal Santa Cristina-Lavadores, durante o período do 1 ao 30 de novembro de 2015.

O importe facturado considerase axeitado, xa que o cálculo deste foi efectuado en base aos mesmos criterios, e correspóndense coas mesmas condicións económicas e contractuais coas que o viña desempeñando durante o período no que o contrato estivo vixente, tal e como se recolle na Orde de Servizo de data 31/08/15 da Concelleira delegada de Educación.

De non tramitar esta facturación, conforme á base 28ª das de execución do orzamento, mediante indemnización substitutiva, produciríase un enriquecemento inxusto para esta Administración, posto que LOS MILAGROS SL vén prestando os servizos en base á Orde de Servizo da concelleira delegada de Educación de data 31/08/15.

Xa que logo, faise necesario indemnizar á empresa polos servizos efectivamente prestados na EIM Santa Cristina-Lavadores, durante o período comprendido entre o 1 e o 30 de novembro de 2015. O importe ascende a 18.883,84 €, e correspóndese ao adeudado a esta empresa polo servizo durante ese período.

Polo exposto, previo informe da Intervención Xeral, co fin de aboar á empresa LOS MILAGROS SL, a cantidade adeudada, faise necesario que pola Xunta de Goberno Local se adopte o acordo de indemnizar a LOS MILAGROS SL en concepto de indemnización substitutiva, pola prestación do servizo de xestión da EIM Santa Cristina-Lavadores, durante o período comprendido entre o 1 e o 30 de novembro de 2015, pola cantidade de 18.883,84 €, con cargo á retención de crédito efectuada pola Intervención Xeral con data 29/06/15 na partida 3230 2279904 "Escola infantil municipal Santa Cristina-Lavadores" do vixente presuposto.

En consecuencia, proponse á Xunta de Goberno Local, RESOLVER o seguinte:

1.- Convalidar a actuación de gasto realizada sen fiscalización previa, que figura na factura núm. 84 (doc. num. 150154695) por importe de 18.883,84 € correspondente ao servizo de xestión da Escola infantil municipal Santa Cristina-Lavadores durante o periodo comprendido entre o 01/11/15 e o 30/11/15, de LOS MILAGROS SL, con CIF B-36626109.

2.- Aprobar a indemnización substitutiva a favor de LOS MILAGROS SL, por un importe de 18,883,84 € correspondente ao servizo de xestión da Escola infantil municipal Santa Cristina-Lavadores durante o periodo comprendido entre o 01/11/15 e o 30/11/15.

3.- Recoñecer as obrigas a favor de LOS MILAGROS SL, con CIF B-36626109, polo importe de 18.883,84 €, en concepto de prestación do servizo de xestión da Escola infantil municipal Santa Cristina-Lavadores durante o periodo comprendido entre o 01/11/15 e o 30/11/15 con cargo á retención de crédito efectuada pola Intervención Xeral con data 29/06/15 na partida 3230 2279904 "Escola infantil municipal Santa Cristina-Lavadores" do vixente presuposto.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1470).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE "LOS MILAGROS, S.L.", POLA XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL "COSTEIRA-SAIÁNS". NOVEMBRO 2015. EXPTE. 17511/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 18.12.15, o informe de fiscalización do 16.12.15, dáse conta do informe-proposta do técnico superior de Educación, do 3.12.15, conformado pola concelleira de Educación, que di o seguinte:

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de setembro de 2009, adjudicouse á empresa LOS MILAGROS S.L. a prestación do servizo de xestión das Escolas infantís municipais Atalaia-Teis, Costeira-Saiáns e Santa Cristina-Lavadores (expte. 10715/332), polos seguintes importes anuais:

Lote	Escola	Importe
I	Xestión EIM Atalaia-Teis	201.785,16 €/ano
II	Xestión EIM Costeira-Saiáns	199.867,85 €/ano
III	Xestión EIM Sta Cristina-Lavadores	210.059,35 €/ano

A adjudicación realizouse por un prazo de catro anos, con posibilidade de prórroga por dous anos mais, mediante acordo expreso do órgano de Contratación. O 26/07/2013 a XGL aproba a primeira prórroga (periodo 10/09/2013-09/09/2014) e o 08/08/2014 aproba a segunda e última prórroga (periodo 10/09/2014-09/09/2015). Tralas revisións de prezos aprobadas, o prezo/mes neste último periodo foi o seguinte:

Escola	Importe
Xestión EIM Atalaia-Teis	18.140,00 €/mes

Xestión EIM Costeira-Saiáns	17.967,64 €/mes
Xestión EIM Sta Cristina-Lavadores	18.883,84 €/mes

Mediante Resolución de 6 de maio de 2015, a Delegada de Educación acordou iniciar o procedemento de contratación para a prestación do servizo para a xestión das escolas infantís municipais de Atalaia-Teis, Costeira-Saiáns e Santa Cristina-Lavadores (expte. 17066/332). A Xunta de Goberno Local de data 10/07/15 aprobou os pregos técnico e administrativo do citado expediente, dando continuidade coa correspondente tramitación administrativa. Neste momento o expediente atópase nos últimos trámites para a súa resolución; na sesión da Mesa de Contratación de data 03/11/15 aprobouse a proposta de adxudicación deste expediente, referido ás tres escolas infantís municipais citadas, e a Xunta de Goberno Local de data 27/11/15 aprobou a súa adxudicación provisional. No informe complementario do Servizo de Educación, de data 27/11/15, que se inclúe no expediente, arguméntanse e especificanse os motivos desta demora.

A tramitación administrativa do expediente levou ao feito de que a 10 de setembro de 2015 (data prevista inicialmente para o comezo do novo contrato), non estivera aínda adxudicado o novo concurso para a prestación deste servizo. En previsión da problemática que podería xerar esta situación, co curso académico xa iniciado, a Concelleira-Delegada de Educación, en Orde de Servizo de data 31/08/2015, ordenou solicitar á empresa que viña prestando o servizo a continuidade do mesmo ata a entrada en vigor do novo contrato, nas mesmas condicións económicas e contractuais coas que o viña desempeñando. Esta solicitude foi aceptada de forma expresa pola empresa Los Milagros SL mediante escrito de data 04/09/2015.

En consecuencia coa orde de servizo citada, e dado que aínda non se ten resolto o expediente de contratación (17066/332), a empresa adxudicataria Los Milagros SL, continuou coa prestación de dito servizo, nas mesmas condicións coas que ata o 09/09/15 se estaba realizando.

Con data 30 de novembro de 2015, LOS MILAGROS SL presentou factura núm. 83 (doc. num. 150154694), por importe de 17.967,64 €, correspondente á prestación do servizo na Escola Infantil Municipal Costeira-Saiáns, durante o período do 1 ao 30 de novembro de 2015.

O importe facturado considerase axeitado, xa que o cálculo deste foi efectuado en base aos mesmos criterios, e correspóndense coas mesmas condicións económicas e contractuais coas que o viña desempeñando durante o período no que o contrato estivo vixente, tal e como se recolle na Orde de Servizo de data 31/08/15 da Concelleira delegada de Educación.

De non tramitar esta facturación, conforme á base 28ª das de execución do orzamento, mediante indemnización substitutiva, produciríase un enriquecemento inxusto para esta Administración, posto que LOS MILAGROS SL vén prestando os servizos en base á Orde de Servizo da concelleira delegada de Educación de data 31/08/15.

Xa que logo, faise necesario indemnizar á empresa polos servizos efectivamente prestados na EIM Costeira-Saiáns, durante o período comprendido entre o 1 e o 30 de novembro de 2015. O importe ascende a 17.967,64 €, e correspóndese ao adeudado a esta empresa polo servizo durante ese período.

Polo exposto, previo informe da Intervención Xeral, co fin de aboar á empresa LOS MILAGROS SL, a cantidade adeudada, faise necesario que pola Xunta de Goberno Local se adopte o acordo de indemnizar a LOS MILAGROS SL en concepto de indemnización substitutiva, pola prestación do servizo de xestión da EIM Costeira-Saiáns, durante o período comprendido entre o 1 e o 30 de novembro de 2015, pola cantidade de 17.967,64 €, con cargo á retención de crédito efectua-

da pola Intervención Xeral con data 29/06/15 na partida 3230 2279907 "Escola infantil municipal Costeira-Saiáns" do vixente presuposto.

En consecuencia, proponse á Xunta de Goberno Local, RESOLVER o seguinte:

1.- Convalidar a actuación de gasto realizada sen fiscalización previa, que figura na factura núm. 83 (doc. num. 150154694) por importe de 17.967,64 € correspondente ao servizo de xestión da Escola infantil municipal Costeira-Saiáns durante o periodo comprendido entre o 1/11/15 e o 30/11/15, de LOS MILAGROS SL, con CIF B-36626109.

2.- Aprobar a indemnización substitutiva a favor de LOS MILAGROS SL, por un importe de 17.967,64 € correspondente ao servizo de xestión da Escola infantil municipal Costeira-Saiáns durante o periodo comprendido entre o 1/11/15 e o 30/11/15.

1.

3.- Recoñecer as obrigas a favor de LOS MILAGROS SL, con CIF B-36626109, polo importe de 17.967,64 €, en concepto de prestación do servizo de xestión da Escola infantil municipal Costeira-Saiáns durante o periodo comprendido entre o 1/11/15 e o 30/11/15 con cargo á retención de crédito efectuada pola Intervención Xeral con data 29/06/15 na partida 3230 2279907 "Escola infantil municipal Costeira-Saiáns" do vixente presuposto.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1471).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE "LOS MILAGROS, S.L.", POLA XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL "ATALAIA-TEIS". NOVIEMBRE 2015. EXPTE. 17512/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 16.12.15, o informe de fiscalización do 14.12.15, dáse conta do informe-proposta do técnico superior de Educación, do 3.12.15, conformado pola concelleira de Educación, que di o seguinte:

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de setembro de 2009, adxudicouse á empresa LOS MILAGROS S.L. a prestación do servizo de xestión das Escolas infantís municipais Atalaia-Teis, Costeira-Saiáns e Santa Cristina-Lavadores (expte. 10715/332), polos seguintes importes anuais:

Lote	Escola	Importe
I	Xestión EIM Atalaia-Teis	201.785,16 €/ano
II	Xestión EIM Costeira-Saiáns	199.867,85 €/ano
III	Xestión EIM Sta Cristina-Lavadores	210.059,35 €/ano

A adxudicación realizouse por un prazo de catro anos, con posibilidade de prórroga por dous anos mais, mediante acordo expreso do órgano de Contratación. O 26/07/2013 a XGL aproba a primeira prórroga (periodo 10/09/2013-09/09/2014) e o 08/08/2014 aproba a segunda e última prórroga (periodo 10/09/2014-09/09/2015). Tralas revisións de prezos aprobadas, o prezo/mes neste último periodo foi o seguinte:

Escola	Importe
Xestión EIM Atalaia-Teis	18.140,00 €/mes
Xestión EIM Costeira-Saiáns	17.967,64 €/mes
Xestión EIM Sta Cristina-Lavadores	18.883,84 €/mes

Mediante Resolución de 6 de maio de 2015, a Delegada de Educación acordou iniciar o procedemento de contratación para a prestación do servizo para a xestión das escolas infantís municipais de Atalaia-Teis, Costeira-Saiáns e Santa Cristina-Lavadores (expte. 17066/332). A Xunta de Goberno Local de data 10/07/15 aprobou os pregos técnico e administrativo do citado expediente, dando continuidade coa correspondente tramitación administrativa. Neste momento o expediente atópase nos últimos trámites para a súa resolución; na sesión da Mesa de Contratación de data 03/11/15 aprobouse a proposta de adxudicación deste expediente, referido ás tres escolas infantís municipais citadas, e a Xunta de Goberno Local de data 27/11/15 aprobou a súa adxudicación provisional. No informe complementario do Servizo de Educación, de data 27/11/15, que se inclúe no expediente, arguméntanse e especifícanse os motivos desta demora.

A tramitación administrativa do expediente levou ao feito de que a 10 de setembro de 2015 (data prevista inicialmente para o comezo do novo contrato), non estivera aínda adxudicado o novo concurso para a prestación deste servizo. En previsión da problemática que podería xerar esta situación, co curso académico xa iniciado, a Concelleira-Delegada de Educación, en Orde de Servizo de data 31/08/2015, ordenou solicitar á empresa que viña prestando o servizo a continuidade do mesmo ata a entrada en vigor do novo contrato, nas mesmas condicións económicas e contractuais coas que o viña desempeñando. Esta solicitude foi aceptada de forma expresa pola empresa Los Milagros SL mediante escrito de data 04/09/2015.

En consecuencia coa orde de servizo citada, e dado que aínda non se ten resolto o expediente de contratación (17066/332), a empresa adxudicataria Los Milagros SL, continuou coa prestación de dito servizo, nas mesmas condicións coas que ata o 09/09/15 se estaba realizando.

Con data 30 de novembro de 2015, LOS MILAGROS SL presentou factura núm. 82 (doc. num. 150154693), por importe de 18.140,00 €, correspondente á prestación do servizo na Escola Infantil Municipal Atalaia-Teis, durante o periodo do 1 ao 30 de novembro de 2015.

O importe facturado considerase axeitado, xa que o cálculo deste foi efectuado en base aos mesmos criterios, e correspóndense coas mesmas condicións económicas e contractuais coas que o viña desempeñando durante o período no que o contrato estivo vixente, tal e como se recolle na Orde de Servizo de data 31/08/15 da Concelleira delegada de Educación.

De non tramitar esta facturación, conforme á base 28ª das de execución do orzamento, mediante indemnización substitutiva, produciríase un enriquecemento inxusto para esta Administración, posto que LOS MILAGROS SL vén prestando os servizos en base á Orde de Servizo da concelleira delegada de Educación de data 31/08/15.

Xa que logo, faise necesario indemnizar á empresa polos servizos efectivamente prestados na EIM Atalaia-Teis, durante o periodo comprendido entre o 1 e o 30 de novembro de 2015. O im-

porte ascende a 18.140,00 €, e correspóndese ao adeudado a esta empresa polo servizo durante ese período.

Polo exposto, previo informe da Intervención Xeral, co fin de aboar á empresa LOS MILAGROS SL, a cantidade adeudada, faise necesario que pola Xunta de Goberno Local se adopte o acordo de indemnizar a LOS MILAGROS SL en concepto de indemnización substitutiva, pola prestación do servizo de xestión da EIM Atalaia-Teis, durante o período comprendido entre o 1 e o 30 de novembro de 2015, pola cantidade de 18.140,00 €, con cargo á retención de crédito efectuada pola Intervención Xeral con data 29/06/15 na partida 3230 2279908 "Escola infantil municipal Atalaia-Teis" do vixente presuposto.

En consecuencia, proponse á Xunta de Goberno Local, RESOLVER o seguinte:

1.- Convalidar a actuación de gasto realizada sen fiscalización previa, que figura na factura núm. 82 (doc. num. 150154693) por importe de 18.140,00 € correspondente ao servizo de xestión da Escola infantil municipal Atalaia-Teis durante o período comprendido entre o 1/11/15 e o 30/11/15, de LOS MILAGROS SL, con CIF B-36626109.

2.- Aprobar a indemnización substitutiva a favor de LOS MILAGROS SL, por un importe de 18.140,00 € correspondente ao servizo de xestión da Escola infantil municipal Atalaia-Teis durante o período comprendido entre o 1/11/15 e o 30/11/15.

3.- Recoñecer as obrigas a favor de LOS MILAGROS SL, con CIF B-36626109, polo importe de 18.140,00 €, en concepto de prestación do servizo de xestión da Escola infantil municipal Atalaia-Teis durante o período comprendido entre o 1/11/15 e o 30/11/15 con cargo á retención de crédito efectuada pola Intervención Xeral con data 29/06/15 na partida 3230 2279908 "Escola infantil municipal Atalaia-Teis" do vixente presuposto.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1472).- PROPOSTA DE ABOAMENTO DE GASTOS DE COMUNIDADE DA VIVENDA MUNICIPAL IDENTIFICADA COMO CENTRO DE SERVIZOS SOCIAIS DENOMINADA "VIVENDA DE PROTECCIÓN DE VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO III" CO NÚM. E-638-C-6. EXPTE. 6997/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 18.12.15 e o informe de fiscalización do 23.12.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 16.12.15, conformado pola concelleira de Igualdade, o concelleiro de Patrimonio e o concelleiro de Facenda, que di o seguinte:

Na sesión de data 05/05/2008 a Xunta de Goberno Local acordou a aceptación da cesión realizada polo Instituto Galego da Vivenda e Solo de tres vivendas destinadas ao colectivo de mulleres vítimas de violencia de xénero, que xestiona desde entón a Concellería de Igualdade.

En data 17/03/2015 o Departamento municipal de Patrimonio traslada a este órgano xestor instrucións para que a partir desa data a Concellería de Igualdade realice a tramitación do pago das cuotas de comunidade das tres vivendas que integran a rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero.

Con respecto á vivenda municipal identificada pola Xunta de Galicia como centro de servizos sociais denominado “Vivenda de protección de vítimas de violencia de xénero I” co núm. E-638-C-6, este servizo tramitou no exercicio 2015, o abono das débedas correspondentes ás cuotas ordinarias (período novembro 2014 a xuño 2015), 3 cuotas de derrama de fachada do ano 2014 (xullo/agosto/décembro) e 6 coutas do ano 2015 (xaneiro a xuño 2015) e 3 cuotas de derrama de arranxo de tuberías (3 coutas de setembro a novembro de 2014).

Mediante escrito de data 15/11/2015 (presentado na Concellería de Igualdade o día 14/12/2015) a comunidade de propietarios/as comunica que a débeda que ata esa data o Concello de Vigo mantén coa comunidade, ascende a 369,35€ desglosada do seguinte xeito:

- .- cuotas ordinarias da comunidade no período comprendido entre o mes de xullo e o mes de novembro de 2015; 5 mensualidades a razón de 47,53 euros/mes . Total: 237,65€
- .- cuotas correspondentes á derrama da fachada no período comprendido entre o mes de xullo e o mes de novembro de 2015; 5 mensualidades a razón de 26,34 euros/mes. Total: 131,70€

Incorpórase ao expediente a escritura de cesión da propiedade, actas da comunidade de propietarios/as, escrito da comunidade de propietarios/as e mailo oficio enviado polo Departamento de Patrimonio a este servizo.

Polo exposto, e previo informe xurídico e de Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“ Aboar á comunidade de propietarios/as da vivenda identificada como centro de servizos sociais denominada “Vivenda de protección de vítimas de violencia de xénero I” co núm. E-638-C-6, en concepto de gastos de comunidade pola propiedade por parte do Concello, a cantidade de 369,35 euros, polo período que abrangue entre o mes de xullo a novembro de 2015, ambos incluídos, con cargo á partida “mantemento comunidades” 9200 2120005 do orzamento vixente.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1473).- MODIFICADO Nº 1, SEN INCREMENTO ECONÓMICO, DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DA REHABILITACIÓN DA CASA DO PATÍN COMO EQUIPAMENTO SOCIAL E CULTURAL. EXPTE. 7871/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 10.12.15 e o informe de fiscalización do 22.12.15, dáse conta do informe proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 23.11.15, conformado pola xefa de Área da Tenencia de Alcaldía e a concelleira de Patrimonio Histórico, que di o seguinte:

Con data 10/10/2014, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN DA “CASA DO PATÍN” COMO EQUIPAMENTO SOCIAL E CULTURAL, redactado polos técnicos municipais Juan Luis Piñeiro Ferradás, David Carvajal Rodríguez-Cadarso, José Luis Gallego Páramos e Alfonso Rodríguez González.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de 17 de xullo de 2015, acordou o seguinte:

“1.- Autorizar a redacción do PROXECTO MODIFICADO Nº 1 SEN INCREMENTO ECONÓMICO DO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN DA CASA DO PATÍN.

2.- Autorizar a moratoria ao prazo de execución da obra polo período de tempo que transcurra ata a aprobación do citado proxecto.”

O título V do RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, recolle a modificación dos contratos, sinalando que os contratos do sector público só poderán modificarse cando así esté previstos nos pregos ou no anuncio de licitación ou nos casos e nos límites establecidos no artigo 107.

Así, os directores facultativos da obra: Juan Luis Piñeiro Ferradás, David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Raquel López González, redactan o proxecto modificado nº 1 sen incremento económico do básico e de execución de rehabilitación da “Casa do Patín” como equipamento social e cultural, na rúa San Miguel, nº 2, 4, 6 e rúa Alfolés, nº 10 (Bouzas), co obxecto de recolle-las variacións previstas na obra a executar respecto ás partidas recollidas no proxecto contratado.

As circunstancias que motivan a elaboración deste proxecto modificado, aparecen analizadas no informe de 10 de novembro de 2015, redactado polos directores facultativos da obra: Juan Luis Piñeiro Ferradás, David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Raquel López González, nomeados pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de 9 de xaneiro de 2015, no que se describe *“de forma detallada os cambios producidos para adaptar o Proxecto vixente á realidade existente e ás circunstancias surxidas perante a obra, así como ás esixencias de definición estabrecidas dende a Dirección Facultativa no transcurso da mesma. Si ben as obras se corresponden coas recollidas en proxecto, existen unha serie de condicionantes que obrigan a xerar novas unidades ou modificar as existentes para conseguir os obxectivos establecidos dende o proxecto”*.

Así, o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto das obras de rehabilitación da casa do Patín recolle, no apartado 15 das follas de especificación do contrato (FEC), sinala o seguinte:

- A) *ESTÁ PREVISTA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO: si*
- B) *ASPECTOS A MODIFICAR (EN CASO AFIRMATIVO): unidades de obra nos capítulos de cimentación, estruturas, albanelería pavimentos e revestimentos, cantería e instalacións*
- C) *CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN:*
 - *A aparición de elementos a protexer e non removibles no subsolo.*
 - *A aparición de condicións resistentes no subsolo diferentes ás consideradas no proxecto que obriguen a executar modificacións nas cotas e dimensións da cimentación e logo da estrutura.*
 - *As derivadas da necesidade de adoptar decisións diferentes das contempladas no proxecto pola necesidade de consolida-los muros de pedra existentes, a aparición de condicións no replanteo da estrutura que condicionen as alturas libres interiores da edificación e que obriguen a modifica-las instalacións previstas en proxecto.*

O citado TRLCSP diferencia entre modificacións previstas e non previstas, na documentación que rixe a licitación, polo que nos informes da dirección facultativa pódense distinguir as seguintes:

1.- Modificacións previstas (artigo 106 TRLCSP).

Modificacións contempladas no prego de cláusulas administrativas particulares da contratación das obras de rehabilitación da Casa do Patín:

- modificacións derivadas da aparición de condicións resistentes no subsolo diferentes ás consideradas no proxecto, e
- modificacións derivadas da necesidade de adoptar decisións diferentes das contempladas no proxecto pola necesidade de consolida-los muros de pedra existentes.

2.- Modificacións non previstas (artigo 107 TRLCSP).

En concreto, o primeiro punto deste artigo sinala o seguinte:

“Inadecuación da prestación contratada para satisfacer as necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato debido a erros ou omisións padecidos na redacción do proxecto ou das especificacións técnicas”.

Deste xeito, a dirección facultativa das obras, no referido informe de 10 de novembro de 2015 que se acompaña a este expediente, sinala que o proxecto contemplaba *“a realización de cámaras de cerramento e diversas particións interiores empregando solucións secas de taboleiro de cartón-ieso sobre subestructura metálica”*, aínda que durante a execución das perforacións da cimentación conséntase unha elevada humidade, así como a proximidade do nivel freático, que fan desaconsellable dita solución, polo que se propón *“unha tabiquería de fábrica de tixolo, que soporta mellor as posibles afeccións producidas por unha alta humidade e pode resistir episodios concretos de exposición directa á auga sen verse seriamente afectada”*.

O artigo 234 do RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o TRLCSP, fai referencia á modificación do contrato de obras, así como as actuacións necesarias para realizar dita modificación, entre as que sinala a *“audiencia do contratista e do redactor do proxecto, por prazo mínimo de tres días”* (3.b).

No caso que nos ocupa, os autores do proxecto modificado son os que redactaron o proxecto de execución, e o contratista conforma o mesmo mediante a sinatura do proxecto modificado dun representante da empresa.

Con data 20 de novembro de 2015, emítese informe favorable pola oficina municipal de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras, en virtude do artigo 125 do RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o TRLCSP.

Por outra banda, hai que sinalar que o prazo de execución das obras de rehabilitación da Casa do Patín e, segundo recolle o contrato asinado de 4 meses e 3 semanas.

Neste sentido, a Xunta de Goberno Local, en sesión de 24 de abril de 2015, ademáis de tomar coñecemento da remisión da acta de comprobación do replanteo das OBRAS DE REHABILITACIÓN DA “CASA DO PATÍN”, de data 20/01/2015, tomou coñecemento *“da suspensión temporal da execución das OBRAS DE REHABILITACIÓN DA “CASA DO PATÍN” COMA EQUIPAMENTO SOCIAL E CULTURAL, dun total de NOVE SEMANAS”*.

Posteriormente, en sesión de 17 de xullo de 2015, a Xunta de Goberno acordou, ademáis de autorizar a redacción do proxecto modificado: *“autorizar a moratoria ao prazo de execución da obra polo período de tempo que transcurra ata a aprobación do citado proxecto”*.

Así as cousas, o prazo de execución para finalizar ditas obras será de catro semanas, contadas a partir da data de aprobación do proxecto modificado nº 1 sen incremento económico do básico e de execución de rehabilitación da Casa do Patín, por parte do órgano de contratación.

Polo exposto, solicítase da Xunta Local de Goberno, de conformidade co disposto no artigo 234.3 e na Disposición adicional segunda do RDL 3/2011, o seguinte:

- Aprobar o PROXECTO MODIFICADO Nº 1 SEN INCREMENTO ECONÓMICO DO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN DA CASA DO PATÍN, redactado por Juan Luis Piñeiro Ferradás, David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Raquel López González, e conformado pola empresa adxudicataria, Xestión Ambiental de Contratas, S.L.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e trinta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.